



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Expte. 620/406

RESOLUCIÓN

En data 27/01/2022 a Xefatura dos Servizos Centrais, no Expediente 620/406, ten emitido informe identificando as prazas da Xerencia Municipal de Urbanismo afectadas pola Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Lei no seu artigo 2.2 advirte que as ofertas de emprego público que articulen os procesos de estabilización nela contemplados -sen prexuízo da negociación que poida instrumentarse-aprobaranse e publicaranse nos respectivos diarios oficiais con anterioridade ao 1 de xuño de 2022 e que coordinaranse polas Administracións Públicas competentes; así mesmo indica que as Administracións asegurarán o cumprimento do prazo establecido para a execución dos procesos selectivos mediante a adopción das medidas apropiadas para o desenvolvemento áxil dos mesmos.

En virtude do exposto, de conformidade coa Resolución da Alcaldía de delegación de competencias de data 16/06/2019, resolvo:

PRIMEIRO. Incoar expediente para a aprobación da Oferta de Emprego Público de estabilización conforme á Lei 20/2021, de 28 de decembro.

SEGUNDO. Designar instrutor ao secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo; instruído o procedemento e antes de redactar a proposta de acordo ao órgano competente, o Expediente poñerase de manifesto aos interesados.

TERCEIRO. Notificar a presente Resolución ao secretario da Xerencia e dar conta individualizada da mesma ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa próxima sesión.

A vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez

Ante min, o secretario da XMU
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 14/02/2022 12:26	Páxina 1 de 1
EXPEDIENTE 620_406	CSV: 2E86A3-5DD7E3-A7234F-1SVULS-E2NMZY-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		